



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS PARA A REACTIVACIÓN DOS PROCESOS DE ADOPCIÓN E DE IDENTIFICACIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS COMO CONSECUENCIA DA CRISE SANITARIA DO COVID-19

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 94/2018, do 26 de setembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, o Consello Galego de Colexios Veterinarios, representada por Luis Núñez Desiré, en calidade de presidente, designado en virtude do nomeamento por votación realizada o día 23 de maio de 2018 e consonte á representación outorgada mediante o artigo 15 do Decreto 172/2000, do 22 de xuño, pola que se aproba a creación do Consello galego de Colexios Veterinarios.

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade e a lexitimación necesarias para subscribir este convenio, e para tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten atribuídas as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda. Dentro deste marco competencial, desenvolve as funcións en materia de benestar e protección dos animais de compañía animal, sen prexuízo, das competencias atribuídas ao órgano competente en materia de produción animal, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e máis concretamente da Subdirección Xeral de





Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.

SEGUNDO. O Consello Galego de Colexios Veterinarios, creado mediante o Decreto 172/2000, do 22 de xuño (DOG núm. 18, do 3 de xullo de 2020), goza de personalidade xurídica como corporación de dereito público e ten entre os seus fins e funcións, prestar asistencia e o asesoramento á Xunta de Galicia, as súas consellerías e órgano de goberno en materias profesionais e científicas, colaboración coa universidade nas materias de ensino e investigación, formular propostas e colaborar coa administración nas medidas para o desenvolvemento e melloras das actividades profesionais veterinarias. Así mesmo, dispón da infraestrutura e os medios persoais e materiais suficientes para o desenvolvemento, execución, e mantemento das actividades necesarias para levar a cabo o obxecto deste convenio.

Por outra parte, a identificación e inscrición dos animais domésticos no Rexistro Galego de Animais de Compañía (REGIAC) só poderá ser realizada polos profesionais veterinarios nomeados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. De aí a colaboración entre ambas entidades que se ven levando a cabo desde 2016 na comprobación das xestións, anotacións, recollida de información e volcado de datos no Regiac por parte dos profesionais veterinarios nomeados pola Consellería.

TERCEIRO. Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios concordan ao considerar esencial o establecemento de mecanismos para reactivar os procesos de adopción e de identificación de animais domésticos que se están vendo seriamente afectados como consecuencia da situación económica e social extraordinaria derivada da crise sanitaria do COVID-19, ao que se engade a necesidade da implantación de protocolos hixiénico-sanitarios de prevención fronte ao COVID-19 nos centros de recollida de animais abandonados, o que supón un importante contratempo desde un punto de vista económico e de funcionamento destes centros.

Ambas entidades manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a elaboración dun protocolo hixiénico-sanitario fronte ao COVID-19 para a súa implantación nos centros de recollida de animais abandonados autorizados ademais de prestar asesoramento técnico aos responsables destes centros para a instauración do protocolo (sen custe para os centros que soliciten este asesoramento) así como a adquisición dos elementos de identificación animal e a súa distribución de xeito gratuíto entre os profesionais veterinarios colaboradores que voluntariamente desexen participar nunha iniciativa especial para a identificación animal, dirixida a aqueles propietarios/as que se atopen en situación de





vulnerabilidade económica (situación de desemprego, expediente temporal de regulación de emprego (ERTE) ou con redución da súa xornada laboral por motivo de coidados de menores ou maiores dependentes).

De conformidade coas anteriores consideracións a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios, acordan subscribir este convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios para o desenvolvemento de accións conxuntas para a reactivación dos procesos de adopción e de identificación de animais domésticos, afectados como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19.

Con este convenio a Consellería pretende dotar a todos os centros de recollida de animais abandonados un protocolo hixiénico-sanitario fronte o COVID-19 que se configure como unha referencia que contén un compendio de medidas de seguridade e que sirva de guía de boas prácticas, de fácil comprensión para o persoal dos centros de recollida de animais abandonados e que sirva de garantía ao mesmo tempo para promover a adopción dos animais abandonados que se atopan nestes centros.

Asemade, tamén se pretende fomentar a tenza responsable dos animais domésticos promovendo a súa identificación especialmente dirixida a aqueles propietarios/as que se atopan en situación de vulnerabilidade económica pola excepcional conxuntura xerada polo COVID-19 e evitar ao mesmo tempo o seu abandono.

SEGUNDA.- OBRIGAS ASUMIDAS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comprométese a realizar as seguintes accións:





1º. Designar un técnico/a que actuará como interlocutor entre a Consellería e o Consello Galego de Colexios Veterinarios, que establecerá as pautas para a coordinación e seguimento das actuacións obxecto deste convenio.

2º. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso e as pautas para coordinación e seguimento das actuacións obxecto deste convenio.

3º. Definir as directrices técnicas a aplicar tanto na fase de deseño como de desenvolvemento do protocolo hixiénico-sanitario fronte o COVID-19 para a súa implantación nos centros de recollida de animais abandonados autorizados así como supervisar e comprobar que o antedito protocolo se implanta de maneira satisfactoria nos citados centros cumprindo cos requisitos establecidos nel e no resto da normativa de aplicación.

4º. Colaborar nos actos de difusión e de comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.

5º. Achegar as cantidades previstas na cláusula cuarta.

TERCEIRA.- OBRIGAS ASUMIDAS POLO CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS

O Consello Galego de Colexio Veterinarios asume os seguintes compromisos:

- 1º. Designar a unha persoa coordinadora das actuacións obxecto deste convenio.
- 2º. Elaborar un protocolo hixiénico-sanitario fronte o COVID-19 para a súa implantación nos centros de recollida de animais abandonados autorizados
- 3º. Prestar asesoramento técnico a aqueles centros de recollida de animais abandonados , que así o soliciten, para a implantación do protocolo hixiénico-sanitario fronte o COVID-19 (sen custe para os centros que soliciten este asesoramento).
- 4º. Distribuír de xeito gratuíto dos elementos necesarios para a identificación e rexistro dos animais no Rexistro galego de animais de compañía (Regiac) entre os profesionais veterinarios actúantes nomeados conforme ao establecido no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, que voluntariamente desexen participar na iniciativa especial para a identificación animal dirixida a aqueles propietarios/as que se atopen en situación de vulnerabilidade económica (situación de desemprego, expediente temporal de



regulación de emprego (ERTE) ou con redución da súa xornada laboral por motivo de coidados de menores ou maiores dependentes), de acordo co procedemento establecido no anexo I deste convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de trinta e cinco mil euros (35.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541B.640.1, (código proxecto 2011 00753).

Esta cantidade farase efectiva, logo da correspondente xustificación segundo se establece na cláusula quinta, e previa presentación por parte do Consello Galego de Colexios Veterinarios

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A cantidade achegada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda entregarásalle á entidade beneficiaria nun único pagamento, que se realizará do seguinte xeito:

- Pagamento dos gastos realizados polo Consello Galego de Colexios Veterinarios sendo preciso para isto que o Consello Galego achegue antes do 13 de novembro de 2020 unha factura desagregada por conceptos dos gastos realizados ata o 31 de outubro de 2020 xunto cunha memoria xustificativa onde se sinalen as actuacións realizadas.

Dito pagamento financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

SEXTA.- REAXUSTES DA RELACIÓN VALORADA

Sempre e cando non exista variación na achega económica total do convenio, as partidas re-señadas na relación valorada (anexo II) poderán ser obxecto de reaxustes, ao seren estimativas,





en función das necesidades ás que obrigue a execución das actuacións previstas neste convenio.

Os reaxustes deberán ser valorados e acordados pola comisión mixta de seguimento descrita na cláusula sétima deste convenio.

SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o seguimento deste convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán dous representantes designados polo Consello Galego de Colexios Veterinarios e dous representantes designados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeados para tal fin (ou persoas en quen estas deleguen.) que contén con titulación universitaria en Veterinaria e estén adscritos á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.

Esta comisión de seguimento desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer adendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Realizar o seguimento das actividades contempladas no presente convenio.

A comisión de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende a data da sinatura deste convenio e manterá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2020.

NOVENA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO





As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

DÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMA- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público así como ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

DÉCIMOSEGUNDA.- PUBLICIDADE





A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMOTERCEIRA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMOCUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMOQUINTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual corresponderá de forma conxunta tanto á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda como ao Consello Galego de Colexios Veterinarios.

En todos os materiais que realicen o Consello Galego de Colexios Veterinarios produto deste convenio, aparecerá mención expresa á colaboración da CMATV, salvo renuncia expresa da CMATV.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.





En calquera caso a Consello Galego de Colexios Veterinarios poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución deste convenio previo coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

En proba de conformidade asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados.

A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

O presidente do Consello Galego de
Colexios Veterinarios

Angeles Vázquez Mejuto

Luis Núñez Desiré





ANEXO I

PROCEDEMENTO

1º. Os profesionais veterinarios nomeados conforme ao establecido no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, que voluntariamente desexen participar nunha iniciativa especial para a identificación animal dirixida a aqueles propietarios/as que se atopen en situación de vulnerabilidade económica deberán contactar co seu colexio profesional veterinario quen lle facilitará unha modelo de solicitude de adhesión á dita iniciativa así como das obrigas e compromisos que adquiren.

2º. As persoas propietarias que se atopen en situación de vulnerabilidade económica e que desexen identificar e rexistrar os seus animais de compañía no Regiac deberán contactar co colexio profesional veterinario da provincia na que residan ou con algún dos profesionais veterinarios adheridos a esta iniciativa especial para a identificación de animais de compañía para realizar a identificación da súa mascota (Implantación microchip, inscrición no Regiac e expedición de cartilla sanitaria/pasaporte) .

3º. A persoa propietaria, de forma previa á identificación , deberá acreditar estar en situación de vulnerabilidade, presentando a documentación establecida no punto cuarto da exposición de motivos deste convenio no colexio provincial ou ante o veterinario adherido á presente iniciativa.

4º. No caso de solicitar a identificación no colexio veterinario provincial, a persoa propietaria recibirá un xustificante do pago selado e comunicará ao profesional veterinario os datos do propietario do animal e a data prevista de visita ao establecemento para a súa identificación.

5º. No caso de dirixirse directamente ao establecemento do veterinario adherido , a persoa propietaria deberá entregarlao veterinario a documentación acreditativa da situación de vulnerabilidade ,sendo este último o responsable de trasladala, por medios electrónicos , ao seu colexio profesional.





ANEXO II
RELACIÓN VALORADA

Concepto	Importe (€)
Protocolo hixiénico-sanitario fronte o COVID-19 para a súa implantación nos centros de recollida de animais abandonados autorizados	5.000
Prestar asesoramento técnico a aqueles centros de recollida de animais abandonados , que así o soliciten, para a implantación do protocolo protocolo hixiénico-sanitario fronte o COVID-19	3.000
Iniciativa especial para a identificación animal dirixida a aqueles propietarios/as que se atopen en situación de vulnerabilidade económica	27.000
Total	35.000

